

RIBADEO > VILANOVA DE LOURENZÁ

27,9 km / 189,7 km a Santiago

SANTIAGO DE ABRES > MONDOÑEDO

31,1 km / 184,1 km a Santiago

Illa Pancha, Ribadeo

Partimos da histórica vila e porto de Ribadeo. De nobre pasado, alzada sobre unha atalaia natural e dividando a ría, conserva un interesante conxunto arquitectónico medieval e moderno. O Camiño continúa por unha vella ruta, quizais romana ou tardorromana, ata o final desta etapa, en Vilanova de Lourenzá.


O primeiro núcleo logo de Ribadeo é Ove, despois Vilaela, Cubelas, A Ponte de Arante—onde houbo hospital de peregrinos desde o s. XVI—, Vilamartín, Gondán e O Corveiro. Lugares, todos eles, nos que a vida tradicional nos sae ao encontro a cada paso.

Vilanova de Lourenzá é capital municipal, alzada arredor do magnífico mosteiro beneditino fundado

polo conde don Osorio Gutiérrez (o "Conde Santo") no ano 969. Existe unha alternativa a este tramo Ribadeo-Lourenzá que nos leva directos a Mondoñedo a través de Trabada e sen pasar por Vilanova de Lourenzá, unha variante que transcorre primeiro pola zona baixa do río Eo e atravesa Castropol, Vegadeo e Santiago de Abres (todos eles asturianos) ata chegar a Trabada, xa na provincia de Lugo. Continúa polo máis profundo do val—pasando por lugares como San Tomé de Lourenzá ou polo Castro—e confúe en Mondoñedo coa ruta que vén de Vilanova de Lourenzá.

QUE VER

En Ribadeo, a igrexa de **Santa María do Campo** (orixe no s. XIII), O **convento de Santa Clara** (s. XV), **A capela da Trindade** (s. XVII), O **miradoiro da Atalaia**, **A Casa Consistorial**—antigo palacio neoclásico do marqués de Sargadelos—, **A torre dos Moreno**, casarón modernista. E a **illa Pancha**. A ría é **Zona de Especial Protección de Aves** (garzas, mascatos, corvos mariños...) e o **Eo**, un gran río salmoeiro. **A capela da Ponte de Arante**, o **mosteiro barroco de Vilanova de Lourenzá**; a súa igrexa foi proxectada por Fernando de Casas Nova, autor da fachada do Obradoiro. Nela atópase o famoso **sarcófago paleocristián** (s. VI) de mármore. O **Museo de Arte Sacra** de Lourenzá.



VILANOVA DE LOURENZÁ > ABADÍN

21,5 km / 161,7 km a Santiago

Mosteiro de Vilanova de Lourenzá

Saimos de Vilanova de Lourenzá camiño de Mondoñedo. Os nosos pasos—primeiro en ascenso pronunciado, e logo xa en descenso—seguen unha antiga senda medieval que cruza o fermoso val de Lourenzá, o cofeido como Camiño da Brea (do latín *boreas*, "vento do norte", que pasou ao galego como "brea", vento forte e chuvioso).


Pasamos polas aldeas de Arroxo, Grove, San Pedro da Torre, O Reuengo ou San Paio, boa parte delas con acolledoras capelas que se poden visitar. Camiñamos paralelos á estrada Nacional 634.

A entrada na cidade de Mondoñedo realízase polo barrio de San Lázaro. Mondoñedo, declarada conxunto histórico-artístico, é unha das ses episcopais galegas de maior tradición cultural e un dos núcleos históricos máis sobranceiros de Galicia. Foi capital de provincia ata 1833. É tamén a cidade natal de escritores como Álvaro Cunqueiro ou músicos como Pascual Veiga (autor do Himno Galego). A súa magna catedral merece unha visita demorada.

Saimos de Mondoñedo pola rúa Lence Santar e a alameda dos Remedios. Continuamos pola LU-3106 e atravesamos Cesuras, o monte do Pico e o monte de Santa Cruz, ata chegar a Abadín. En Gontán—antes do núcleo de Abadín—atópase o albergue.

QUE VER

A **capela da Virxe de Guadalupe**, en Grove. En Mondoñedo: o **barrio dos Muíños**, coa lendaria **ponte do Pasatempo**—relacionada co Mariscal Pardo de Cela—, a **Fonte Vella** (1548), a **catedral** (s. XIII), destaca a súa fachada medieval e rosetón, a nave central coas pinturas murais tardogóticas (s. XVI), o claustro—presidido por un cruceiro asturiano—, o **Museo Catedralicio e Diocesano**, a igrexa de **Santiago** (s. XIX). É famosa a **torta de Mondoñedo**, de améndoa e cabelo de anxo. En Abadín, a **igrexa románica de Santa María**.



ABADÍN > VILALBA

20,3 km / 140,2 km a Santiago

Torre dos Andrade, Vilalba

Etapa de 20 km totalmente chá. Camiñamos, como dixemos na etapa anterior, pola comarca da Terra Chá, unha vasta chaira (a maior de Galicia xunto coa comarca da Limia, en Ourense) que abrangue varios municipios da provincia de Lugo. Este territorio, xunto coa zona alta do río Miño, foi declarado pola UNESCO no 2003 Reserva da Biosfera, co nome de "Terras do Miño".

A partir de Abadín a ruta discorre polas parroquias de Castromaior e Goiriz: cruzamos primeiro o río Arnela por unha ponte medieval. Na Pontevella sorprendenos outra ponte medieval, magnífica, de tres arcos, sobre o río Batán.

A configuración do terreo lévanos a transitar por zonas húmidas, como a que aparece logo das Chouzas, e sedutores exemplos de arquitectura popular e relixiosa: casaríos, cruceiros ou lavadoiros de pedra séennos ao camiño.

Entramos en Vilalba, corazón da Terra Chá, famosa pola súa gastronomía—onde destacan o queixo de San Simón e os galos capóns—. Esta vila, con orixe no século XIII, é unha encrucillada de camiños presidida pola torre dos Andrade (século XV), monumento onde hoxe se sitúa o Parador Nacional de Turismo.

QUE VER

Os **cemiterios de Castromaior e Goiriz** destacan pola súa estética, a medio camiño entre gótica e gaudiana. En **Vilalba**, ademais de degustar o **queixo de San Simón da Costa**—exquisito produto con Denominación de Orixe, alumado con madeira de bideuira— ou os **capóns**—pólos capados, cebados e preparados con recheo—, protagonistas dunha popular feira o domingo anterior ao Nadal, recibenos a **torre dos Andrade**, de planta octogonal, resto da fortaleza dos Andrade e hoxe Parador Nacional de Turismo. E o **Museo de Prehistoria e Arqueoloxía** de Vilalba. Estas terras son coñecidas pola súa riqueza en mámoas e dolmens.



VILALBA > BAAMONDE

19,1 km / 120 km a Santiago

Ponte de Saa, Vilalba

Desde Vilalba, o Camiño continúa seguindo trazados posiblemente medievais e sendas reais, documentados xa no século XVII. Atravesamos unha pequena ponte sobre o río Labrada e chegamos ao lugar de Penas Corveiras e despois á Cova. Paisaxes poboadas de xenuinas mostras de arquitectura tradicional han acompañarnos na nosa ruta polos núcleos de da Seara, Sabugueiros, Gabin, O Castro ou Rexovide.

A uns 6,7 km do inicio estaremos en San Xoán de Alba. Camiñamos pola marxe dereita da estrada comarcal C-634. Pasamos pola Torre, Pedrouzos, Costián, O Coutado e Goiriz, desde onde descendemos en dirección ao río Labrada. Atravesamos o río pola magnífica ponte


medieval de Saa, construída con grosas laxes de lousa e con varios "ollos" ou arcos en diminución.

Descendemos ata As Casas Novas e penetramos na Fonte Pequena. Desde As Penas continuaremos ata as inmediacións de Figara, unha parroquia do concello de Guitiuzo onde podemos probar a auga da fonte das Verrugas. Na nosa contorna, o río Ladra ofrece paisaxes cativadoras e recantos onde, nos meses benignos, podemos refrescarnos á sombra dos bideiros.

Continuamos paralelos á estrada C-634 e entramos en Baamonde, localidade do concello de Begonte.

QUE VER

O **pazo de Penas Corveiras**. O **muíño do Rañego**, antigo muíño restaurado. **A igrexa de San Xoán de Alba**. **A ponte de Saa**, medieval, sobre o río Labrada. **A fonte das Verrugas**, en Figara (Guitiuzo); a crenza popular concédelles a estas augas poderes especiais para curar as verrugas da pel. **A igrexa de Santiago de Baamonde**, gótica (s. XIV) con restos de románico. No seu adro ázase un calvario formado por **tres cruceiros** e un antiquísimo **castiñeiro** que amosa, tallada no seu tronco, unha capela dedicada á Virxe, obra do escultor Victor Corral, con **casa-museo** no alto da localidade.



BAAMONDE > SOBRADO

40,3 km / 100,8 km a Santiago


Mosteiro de Sobrado dos Monxes, Sobrado

Saimos de Baamonde pola estrada Nacional VI, paralela ao ferrocarril e ao río Parga, ata alcanzar a capela de Santo Alberto: aquí celébrase, cada maí, unha concorrida romaría. Continuamos por San Paio de Seixón, xa no municipio de Frial, Ponte Leixosa e chegamos a Santiago de Miraz. Desviándonos lixeiramente do Camiño, levántase a poderosa fortaleza de San Paio de Narla. No Marco das Pías abandonamos a provincia de Lugo para entrar na da Coruña.

A través da Esgueva, chegamos ao mosteiro cisterciense de Santa María de Sobrado dos Monxes. Espectacular monumento construído no 952 e fundado como mosteiro dúplice ou mixto, é dicir, para mulleres e homes, foi un dos grandes centros de poder de Galicia. En pleno apoxeo das peregrinacións, a mediados do s. XII,

o mosteiro integrouse na hospitalaria Orde do Cister. Foi o primeiro de España en pertencer a ela. Na actualidade desenvolve unha importante actividade relixiosa e social, con especial atención aos peregrinos.

Existe un itinerario alternativo desde Baamonde, máis curto (uns 8 km menos), que nos levará en liña recta ata Sobrado. En Boimorto conflúe coa ruta descrita arriba, pero volve logo a separarse dela, sen pasar por Arzúa. Através Santiso e, nas inmediacións do aeroporto de Santiago, conflúe co itinerario principal e co propio Camiño Francés, co que este itinerario coincide desde Arzúa.



SOBRADO > ARZÚA


21,9 km / 60,5 km a Santiago

Albergue de Ribadois, Arzúa

Con esta etapa conclúe o Camiño do Norte, pois en Arzúa converxe co Camiño Francés. Deixamos atrás a grandiosidade do mosteiro de Sobrado e continuamos ata as localidades de Vilarchao, O Peróxil e Carelle. Alcanzamos a estas augas poderes especiais para curar as verrugas da pel. A igrexa de Santiago de Carelle, pertencente a Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa—o Camiño faise urbano. Hai fontes documentais do s. XIII que se refieren a este tramo local como "Camiño de Oviado", e aínda hoxe recibe esta vía o nome de Rúa do Camiño. Arzúa creceu como vila ao abeiro do fenómeno xacobeo. Hoxe é un importante núcleo comarcal, cunha economía baseada na agricultura e a gandería bovina.

En Arzúa—localidade ilustre desde o punto de vista gastronómico polos queiros da comarca, pertencentes a Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa—o Camiño faise urbano. Hai fontes documentais do s. XIII que se refieren a este tramo local como "Camiño de Oviado", e aínda hoxe recibe esta vía o nome de Rúa do Camiño. Arzúa creceu como vila ao abeiro do fenómeno xacobeo. Hoxe é un importante núcleo comarcal, cunha economía baseada na agricultura e a gandería bovina.

En Arzúa—localidade ilustre desde o punto de vista gastronómico polos queiros da comarca, pertencentes a Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa—o Camiño faise urbano. Hai fontes documentais do s. XIII que se refieren a este tramo local como "Camiño de Oviado", e aínda hoxe recibe esta vía o nome de Rúa do Camiño. Arzúa creceu como vila ao abeiro do fenómeno xacobeo. Hoxe é un importante núcleo comarcal, cunha economía baseada na agricultura e a gandería bovina.



ARZÚA > ARCA [O PINO]

18,5 km / 38,7 km a Santiago

Ermida de Santa Irene, O Pino


Desde Arzúa afrontamos os últimos quilómetros do Camiño: 38,7 en total. Dividíremolos en dúas etapas, de 18,5 e 20,2 km. Hai quen aposta por facer a ruta restante nun só día, durmindo no albergue do Monte do Gozo pero é aconsellable realizar dúas etapas, con descanso en Arca.

Saimos da vila de Arzúa pola rúa do Carme. Nesta etapa alternaremos a paisaxe de bosques e prados (carballos, eucaliptos, froiteiras e campos de labranza) con tramos polo asfalto da estrada Nacional 547. Teñamos especial precaución cos vehículos, pois teremos que cruzar varias veces pola calzada.

Cruzamos os ríos Vello e Brandoso, e logo aldeas como Preguntoño, A Peroxa, algunhas con resonancia xacobeas como A Calzada, A Calle, Ferreiros—de novo, a referencia ao vello oficio dos que, entre outras funcións, arraxaban as ferraduras dos cabalos—, A Salceda, Santa Irene—onde hai albergue de peregrinos— e A Rúa, xa ás portas de Arca, capital do municipio do Pino, o último concello antes de Santiago. En toda a etapa atoparemos bares ou tabernas onde tomar algo e fontes para refrescámonos.

QUE VER

Na aldea de **Santa Irene**, ermida dedicada á santa mártir portuguesa, construída grazas á achega de dous nobres que vivían preto de alí (s. XVIII). É a "fonte santa" (s. XVII): as súas augas posúen, segundo a tradición, propiedades curativas para a pel. **O Pedrouzo** é o núcleo principal da parroquia de Arca (O Pino). Poboación de servizos ao pé da N-547, conta con variada oferta hostaleira. Ao longo do ano organizanse aquí feiras de gando, festas gastronómicas, mostras ecuestres e concertos de bandas populares ou música folk.



ARCA [O PINO] > SANTIAGO

20,2 km a Santiago

Praza do Obradoiro, Santiago de Compostela


Deixamos a parroquia de Arca e pasamos por bosques de eucaliptos e aldeas como Santo Antón ou O Amenal, nun ascenso que nos levará ao núcleo da Lavacolla, nas inmediacións do aeroporto de Santiago. Aquí, os peregrinos tiñan por costume lavar o corpo enteiro no regato que pasa polo lugar. De feito, a etimoloxía de "Lavacolla" derivaría dun lava colea, en desenfadada referencia á hixiene dos xenitas.

Alcanzamos o Monte do Gozo (380 m), pequena elevación onde os peregrinos gozaban, por vez primeira, dunha afastada visión da catedral. Entre os grupos de peregrinos proclámanse como "rei da peregrinación" o primeiro que alcance o seu cumio. En 1993 construíuse aquí un grande albergue.

Quedan 5 km en descenso. O Camiño entra na cidade polo barrio de San Lázaro e deixa á esquerda o das Fontiñas (nas inmediacións, ampla oferta de restauración e servizos). Máis adiante, a rúa dos Concheiros, antigo barrio gremial dos artesáns que comerciaban con cunchas de vieira, e o histórico e xenuíno barrio de San Pedro, por onde baixa a ruta ata a Porta do Camiño. Continúa, xa no seu último tramo, por rúas para peóns e prazas como Casas Reais, praza de Cervantes e A Acibebería, por onde accederemos á basílica—o acceso alternativo, en Ano Santo, será a Porta Santa, na Quintana.

QUE VER

O **Monte do Gozo** ofrece unha excelente panorámica da cidade. O **Pavillón de Galicia**, no barrio de San Lázaro. O **Museo do Pobo Galego**, O **Panteón de Galegos Ilustres** contiguo ao Museo, na Única igrexa gótica da cidade. O **Centro Galego de Arte Contemporánea** (CGAC), obra do arquitecto portugués Álvaro Siza. **A capela das Ánimas**, cos seus retablos neoclásicos; a **praza de Cervantes**, onde se situou o concello ata finais do s. XVIII. O museo da **Casa da Troia**, a célebre pensión de estudantes de comarceiros do s. XX. E o **mosteiro de San Martiño Pinario**.



MÁIS ALÁ DO CAMIÑO... DO NORTE ->



Chegaches a Compostela. Garda agora as botas da túa peregrinación e convérteche nunha persoa viaxeira, curiosa, sensible e activa.



Pría de Ulls, Foz

Entre Foz e Viveiro, pasando por Burela, Cervo e Xove, trázase unha liña de mar que cómpre descubrir.

En Fozouro (dentro do propio concello de Foz) podemos apreciar un antigo castro, o único que se conserva como museo en toda a costa cantábrica galega.



San Cibrao, Cervo

Estamos en plena bisbarra da Mariña de Lugo. Seguindo polo litoral desde Foz cara ao norte axiña chegamos a Burela, un importantísimo porto bonitoiro do norte de España.

Continuamos a nosa viaxe de pracer e chegamos a Cervo. Ao pé do río Xunco resisten os restos da primeira fábrica de Sargadelos, a siderurxia integral máis antiga de España.



Fábrica de Sargadelos, Cervo



Santa María de Viveiro

Viveiro é unha atractiva vila monumental. Xa era importante no século XV, cando os Reis Católicos forzaron o mariscal Pardo de Cela a abandonala.

Avanzando cara ao sur pola provincia de Lugo, o terreo faise chaira e a panorámica ábrese como poucas veces acontece en Galicia.



Ponte de Santo Alberto, Guitiriz

Os Camiños do Norte, tanto o Primitivo como o que agora nos ocupa, teñen na bimilenaria cidade de Lugo un potente referente histórico.

As termas romanas atópanse dentro do edificio do actual Balneario de Lugo. Datan do século I e, na actualidade, dous mil anos despois, as súas augas sulfúreas continúan a empregarse para unha morea de fins terapéuticos.

E a menos de quince quilómetros de Lugo encontramos un dos monumentos máis enigmáticos de occidente: Santalla de Bóveda. Os expertos falan dun monumento romano serodio (quizais do século IV) que puido ser un gran mausoleo relacionado co mártir Prisciliano.



Cidade da Cultura, Santiago de Compostela

E agora, a Compostela secreta: porque hai outro Santiago máis alá da súa zona monumental única, da súa xenuína gastronomía ou do animado ambiente cultural.

CAMIÑO DO NORTE ->



Xunto co Camiño Primitivo, esta ruta, que transita pola costa asturiana e entra en Galicia pola ría de Ribadeo, acadou relevancia nos albores das peregrinacións.

O Camiño Francés ía substituír as rutas máis antigas ao se trasladar a capital do reino de Oviedo a León. Inda así, o Camiño do Norte mantivo a súa vitalidade ata o século XVIII.

Foi unha ruta de peregrinos ilustres. Entre eles destaca a figura de san Francisco de Asís, quen, segundo a tradición, peregrinou a San Salvador de Oviedo e a Santiago no ano 1214.



III de Polonia. E de finais do XVIII quedounos o testemuño escrito do francés Jean Pierre Racq.



Logo de Castropol –última localidade de Asturias– o Camiño entra en Galicia cruzando o mar Cantábrico a través da fermosa ría de Ribadeo.

No percorrido, á parte de visitar a importante e histórica vila de Ribadeo, gozaremos co arte do mosteiro de San Salvador de Lourenzá, con Mondoñedo –que foi unha das sete capitais do antigo Reino de Galicia e cidade natal do escritor Alvaro Cunqueiro–, Vilalba, e o magnífico cenobio de Sobrado dos Monxes, xa en terras coruñesas.


En Arzúa, o Camiño do Norte únese ao Camiño Francés.

PLANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA LUGARES XACOBEOOS ->


- 1 Catedral de Santiago de Compostela
2 Hospital Real (hoxe, Hostal dos Reis Católicos)
3 San Martiño Pinario
4 Retornado da USC
5 Pazo de Raxoi
6 Convento de San Francisco e monumento de San Francisco, do escultor Asensy
7 Igrexa de San Frutuoso e lugar do antigo cemiterio de peregrinos
8 San Domingos de Bonaval
9 Porta do Camiño
10 Igrexa de Santa María do Camiño
11 Praza do Campo (hoxe, de Cervantes) e igrexa de San Bieito do Campo
12 Igrexa de Santa María Salomé
13 Porta de Mazarelos
14 Fonte de Santiago, Rúa do Frático
15 Igrexa de Santa Susana
16 Hospital Real
17 Praza das Praterías e Museo das Peregrinacións e de Santiago do Campo
18 Santa María a Real de Sar
19 Santa María de Conxo
20 Monte do Gozo
21 Capela de San Paio do Monte (O Pedroso)
Centro Internacional de Acollida ao Peregrino: Centro de Documentación e Información do Camiño
Información
Oficina de Peregrino: 981 568 846



CAMIÑO DO NORTE



OS CAMIÑOS EN GALICIA ->



CONSELLOS ÚTILES PARA PEREGRINOS

- A CREDENCIAL DO PEREGRINO: É un documento no que se van cunhando os selos dos lugares polos que se pasa e que servirán para obter a 'Compostela'...
TARXETA SANITARIA: Os peregrinos españois deben viaxar sempre coa tarxeta sanitaria.
PERSOAS CON DISCAPACIDADE: Ademais das recomendacións xerais, o peregrino debe ter en conta estas:
SE VIAXAS CON ANIMALS: Asegúrate de ter en regra as vacinas e desparasitacións, correctamente recollidas no caderno sanitario co que se debe viaxar.

Antes de comezar a peregrinación

- Realiza unha preparación física previa, tendo en conta que debes planificar as etapas en función das túas posibilidades, dosificando o esforzo e facendo descansos máis ou menos frecuentes...
As campadas deberás facelas en lugares establecidos á tal efecto. Ten precaución se fas fogueiras, de que queden apagadas, COIDA O MEDIO AMBIENTE.
Non te afastes nunca das sendas sinaladas, evita camiñar cando escureza e respecta as normas de circulación.
Para reponer forzas durante o camiño come alimentos moi enerxéticos (fritos secos, figos, chocolate, etc.).
Na equipaxe debes levar saco de dormir, unha navalla multiusos, unha lanterna, un teléfono móbil, e unha pequena caixa de medicamentos.